

# III Plan de Rescate da Xunta de Galicia para empresas e persoas autónomas

## PREGUNTAS FRECUENTES

### PROGRAMA II

Apoio ás persoas traballadoras autónomas individuais e persoas traballadoras autónomas ou empresas con ata 10 persoas traballadoras ou de ata 25 persoas traballadoras cun volume de facturación de ata 2 M€ (TR600B)



## Preguntas frecuentes sobre o apoio a persoas traballadoras autónomas individuais e persoas traballadoras autónomas ou empresas con ata 10 persoas traballadoras, ou de ata 25 persoas traballadoras cun volume de facturación de ata 2M€ (TR600B)

### 1. Quen pode solicitar estas axudas?

As persoas traballadoras autónomas de alta no RETA ou no Réxime de Traballadores do Mar como persoas traballadoras por conta propia e profesionais individuais en réxime de estimación directa, ou con ata 10 persoas contratadas; ou empresas con ata 25 persoas contratadas e ata 2 millóns de euros de facturación.

En calquera caso, deben cumprir ademais os seguintes requisitos:

- Ter domicilio fiscal en Galicia ou ben atoparse nalgún outro dos supostos establecidos no art 7.a) da Orde do 9 de xuño de 2021.
- Desenvolver a actividade nos CNAE incluídos no Anexo I do RD-L 5/2021 e ter unha caída de volume de operacións de máis do 30% ou, en caso de non figurar a actividade no devandito Anexo I, ter unha caída de volume de operacións declarado ou comprobado no 2020 de polo menos o 40% respecto ao 2019.
- Ter cantidades pendentes de pago a provedores ou acredores de custos devengadas entre o 1 de marzo de 2020 e o 31 de maio de 2021 (para contratos anteriores ao 13 de marzo de 2021).

- Os pagos deben estar pendentes a data de presentación da solicitude da axuda.
- Ter resultado positivo no exercicio 2019 (excepcionalmente con resultado negativo, se pode acreditar a solvencia económica por algunha das vías indicadas na convocatoria).
- Estar ao corrente coa AEAT, ATRIGA a Seguridade Social.
- Non ter solicitado concurso voluntario, non ter sido declarado insolvente nin atoparse en declaración de concurso (salvo que exista un convenio que teña adquirido eficacia).

## **2. Que se entende por volume de operacións a efectos desta subvención?**

Por volume de operacións no exercicio entenderase a totalidade dos ingresos íntegros fiscalmente computables procedentes da súa actividade económica.

Entenderase que o volume de operacións en 2019 e 2020 o constitúe:

- Para contribuíntes do Imposto sobre a Renda de las Persoas Físicas, a información sobre a totalidade dos ingresos íntegros fiscalmente computables procedentes da súa actividade económica incluídos na súa declaración do Imposto en 2019, así como a suma dos ingresos íntegros fiscalmente computables procedentes da súa actividade económica incluídos nas súas autoliquidacións de pagos fraccionados correspondentes a 2020.
- Para contribuíntes do Imposto sobre Sociedades o do Imposto da Renda de non Residentes con establecemento permanente, a información sobre a base impositiva previa declarada no último pago fraccionado dos anos 2019 e 2020 respectivamente no suposto de que os ditos pagos

fraccionados se calculen segundo o disposto no artigo 40.3 da Lei 27/2014, de 27 de novembro, do Imposto sobre Sociedades.

### **3. Que se consideran custes fixos a efectos do III Plan de rescate?**

Atendendo ao establecido no Real Decreto-lei 5/2021 e ao Marco Temporal, os custes fixos son aqueles soportados polas persoas autónomas e empresas xerados con independencia do nivel de produción durante o período subvencionable, que non estean cubertos pola contribución aos beneficios (é dicir, os ingresos menos os custes variables) durante o mesmo período e que non estean cubertos por outras fontes, como seguros e outras.

As axudas poderán destinarse, entre outros, ao pago de débedas con provedores, subministracións, salarios, arrendamentos ou redución da débeda financeira.

### **4. Que se entende por débedas ou pagos pendentes?**

Entenderanse como débedas ou pagos pendentes aqueles que aínda non foran satisfeitos, independentemente de que os mesmos se atopen dentro do prazo de pago acordado entre as partes ou que se consideren impagados por ter superado o dito prazo.

### **5. E se poden ter en conta tamén as débedas cun socio ou cun administrador da sociedade?**

Efectivamente. En todo caso, as axudas directas destinaranse a satisfacer os conceptos mencionados no apartado 3 do artigo 1 do Real Decreto-lei 5/2021 e o artigo 32.2 da orde que regula o III Plan

de rescate, independentemente de si se trata dun pago a un provedor ou dunha débeda cun socio, administrador ou cun terceiro.

**6. Se a persoa autónoma ou empresa desenvolve varias actividades e só unha está recollida no Anexo I do Real Decreto-lei 5/2021, a solicitude a presenta atendendo a actividade incluída no mesmo ou pola non incluída?**

Neste caso a decisión a tomará a persoa ou entidade solicitante podendo optar por calquera das dúas vías previstas no Programa TR600B (sexa como actividade incluída no Anexo I cunha baixada mínima do 30% no volume de operacións ou como actividade non incluída cunha baixada no volume de operacións mínima do 40%).

Agora ben, a persoa solicitante deberá ter realizado durante 2019 e 2020 alomenos unha das actividades e continuar no seu exercicio no momento da solicitude.

En todo caso, opte por unha ou outra vía, a persoa ou entidade solicitante deberá reflectir a totalidade de ingresos fiscalmente computables obtidos por todas as actividades económicas desenvolvidas en cada exercicio.

**7. Se no ano 2019 a persoa autónoma estivo no réxime de Estimación Obxectiva e no ano 2020 renunciou a súa aplicación pasando ao réxime de Estimación Directa, que axuda ten que pedir?**

Tendo en conta que non se pode aplicar a unha mesma persoa beneficiaria dúas liñas (só pode solicitar un dos tres programas do III Plan de rescate), prevalecerá a aplicación do réxime de estimación obxectiva, tal e como establece o punto 5 do apartado un da Orde ministerial HAC/348/2021.

Esta regra tamén será de aplicación para as persoas traballadoras autónomas que teñan renunciado ao réxime de estimación obxectiva no ano 2021.

E do mesmo xeito, tamén solicitará a TR600A aquela persoa autónoma que realice varias actividades e a algunha delas lle sexa de aplicación o réxime de estimación obxectiva.

### **8. Se me din de alta ou aconteceu un cambio estrutural na miña empresa entre o 1 de xaneiro de 2019 e o 31 de marzo de 2020, como calculo a porcentaxe de caída do meu volume de operacións?**

Neste caso hai dúas opcións:

- Para altas ou cambios estruturais realizados ao longo de 2019, a caída de volume de operacións calcularase comparando o volume de operacións medio mensual dos meses con actividade do ano 2019 co volume de operacións medio dos doce meses do ano 2020.
- Para altas ou cambios estruturais realizados entre o 1 de xaneiro e o 31 de marzo de 2020, a caída do volume de operacións calcúlase comparando o volume de operacións medio mensual dos meses con actividade do primeiro trimestre do 2020, co volume medio mensual dos tres trimestres restantes do ano 2020.

**9. Se solicitei e me concederon algunha axuda dos anteriores Plans de Rescate da Xunta de Galicia, ou procedentes doutras administracións por mor da crise da COVID, podo pedir esta axuda?**

Si. Estas axudas son compatibles coas demais axudas que poidan outorgar as administracións públicas, sempre e cando o total das axudas non supere o 100% do importe dos gastos subvencionables e se respecten os límites establecidos no Marco Nacional Temporal.

**10. Podo solicitar a axuda unha empresa que no ano 2019 formase parte dun grupo empresarial pero que no 2020 xa non estivera?**

As entidades que formaran parte dun grupo en 2019 pero non en 2020 serán consideradas como independentes e poderán solicitar a axuda sempre que cumpran coa totalidade de requisitos de forma individualizada.

**11. Se son persoa beneficiaria desta axuda, podo solicitar as axudas do programa TR600A ou TR600C?**

Non. As axudas do III Plan de Rescate da Xunta de Galicia son incompatibles entre si, polo que só poderá ser beneficiaria dunha delas.

**12. Podo presentar a solicitude desta axuda de xeito presencial?**

Non. As solicitudes desta axuda presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na

[Sede Electrónica da Xunta de Galicia](#), asociado ao [procedemento TR600B](#), sen que exista outra vía válida de presentación.

### **13. Cal e número de persoas traballadoras que debe figurar na solicitude?**

O número de persoas traballadoras a indicar na solicitude é o número de persoas contratadas por conta allea que a persoa autónoma, empresa ou entidade tiña o 11 de xuño, día da publicación da Orde que regula a convocatoria das axudas do III Plan de rescate (tal e como establece o punto 1 do artigo 34 da mesma).

Este dato utilizarase para graduar a intensidade das axudas, xa que estas poden ser dun mínimo de 6.000 € e un máximo de 11.000 € en función do número de persoas contratadas por conta allea.

### **14. Como se fai o cálculo do número de persoas empregadas?**

O número de persoas empregadas ao que se refire o artigo 3.2.b) do Real Decreto-lei calcularase tendo en conta o número medio en 2020 de perceptores de rendementos en diñeiro do traballo consignados nas declaracións mensuais ou trimestrais, de retencións e ingresos a conta (modelo 111).

### **15. Como podo facer se non teño certificado dixital en vigor?**

Nese caso pode autorizar a un terceiro para que actúe na súa representación, [empregando o modelo de representación](#) que pode atopar na propia sede electrónica.



**NOTA:** neste caso é moi importante que a persoa que cubra a solicitude seleccione a opción de notificación a representante, xa que se selecciona a opción de notificar á persoa interesada, ao carecer esta de certificado electrónico, non poderá acceder ás notificacións remitidas.

## 16. A que podo dedicar esta axuda?

O obxecto desta axuda é o de apoiar a solvencia das persoas traballadoras autónomas e empresas para reducir o seu endebedamento, polo que unicamente poden dedicarse a minorar débeda.

En maior detalle:

- **Préstamos e pólizas de crédito**

As axudas poderán destinarse a facer fronte ás débedas pendentes derivadas dos préstamos que se formalizaran como consecuencia da COVID-19.

En concreto, a axuda poderase utilizar para saldar ou compensar a débeda viva pendente dos préstamos das liñas ICO pola COVID-19, entre outros.

Polo tanto, no caso de préstamos ou pólizas de créditos formalizados desde o 1 de marzo de 2020 e ata o 13 de marzo de 2021 (é dicir, durante o período da pandemia e ata a publicación do RD-I 5/2021) deberase reflectir na solicitude da axuda o total da débeda viva pendente (sexa de préstamo ou de póliza de crédito), dende o momento da solicitude e ata a súa amortización final.

Ademais, as axudas poderán aplicarse tamén para pagar as cantidades pendentes de pólizas de crédito e préstamos cunha data anterior á pandemia polos importes dispostos e aínda

pendentes a partires da situación xerada pola COVID-19, é dicir, polos importes dispostos entre o 1 de marzo de 2020 e o 31 de maio de 2021.

Igualmente poderán destinarse a facer fronte aos préstamos realizados polos socios á empresa ou préstamos particulares para atender á situación xerada pola COVID-19, sempre que exista soporte documental e se acredite o desembolso realizado entre 1 de marzo de 2020 e 31 maio de 2021.

- **Facturas**

Poderase utilizar a axuda para pagar as facturas pendentes de pago, sempre e cando estean emitidas dentro dos prazos marcados polo RD-I 5/21 (entre o 1 de marzo 2020 e o 31 maio de 2021, independentemente de que o acordo co provedor / acredor sexa a 30, 60 ou 90 días).

En todo caso, tanto para débedas financeiras como non financeiras debe considerarse como pendente de pago toda cantidade endebedada e non pagada no momento da solicitude da axuda, é dicir, o importe total da cantidade pendente de pago e non só as cotas impagadas.

## **17. O importe a incluír na solicitude da axuda polas facturas pendentes de pago, deben reflectirse con ou sen IVE?**

Os importes das facturas pendentes de pago incluíranse con IVE ou sen IVE en función de que o mesmo resulte ou non deducible pola persoa ou empresa solicitante, atendendo aos requisitos normativos do dito imposto que lle sexan de aplicación.

No caso de que non sexa deducible, o importe a reflectir deberá incluír o IVE soportado e no caso de que sexa deducible pola persoa solicitante o importe a reflectir será a base impositiva da factura, previa á aplicación do tipo impositivo correspondente do IVE.

### **18. Que tipo de débeda pode reducir empregando esta axuda?**

Son subvencionables os gastos realizados para o pago da débeda a provedores e outros acredores (**tanto os financeiros como non os financeiros**), así como o pago dos custos fixos incorridos.

### **19. Pode dedicar esta axuda ao pagamento de aprazamentos de débedas coas administracións públicas?**

Si. As axudas poderán destinarse a atender calquera tipo de cantidade pendente de pagamento que teña sido fraccionada ou aprazada, como por exemplo, o caso de débedas coas administracións públicas con pagos aprazados ou fraccionados pola persoa solicitante obrigada ao pago.

Polo tanto, esta axuda poderase aplicar tamén a saldar os aprazamentos acordados con estas administracións públicas (atendendo sempre á tipoloxía e antigüidade da débeda establecida no artigo 1.2 da Orde de 9 de xuño de 2021).

En todo caso, segundo establece o apartado f do artigo 7 da Orde de 9 de xuño, no momento da solicitude a persoa solicitante ten que estar ao corrente coa administración correspondente (AEAT, Seguridade Social, ATRIGA, ...).

## 20. A débeda ten que cumprir algún requisito?

Si, a débeda a reducir deberá cumprir os seguintes requisitos:

- a. Proceder de compromisos contractuais anteriores ao 13 de marzo de 2021.
- b. A obriga de pago debe ter nacido entre o 1 de marzo do 2020 e o 31 de maio de 2021.
- c. Os pagos deben estar pendentes á data de presentación da solicitude da axuda.

## 21. Como evidencio a data na que nacen os compromisos de pago?

A data de nacemento dos compromisos contractuais e a data de nacemento da obriga de pago xustificárase coa data que se sinala no contrato de referencia e/ou na factura correspondente.

No caso de préstamos entre particulares, será considerado como documento válido de xustificación a transferencia bancaria nas datas sinaladas no parágrafo anterior ou, no seu caso, por terse elevado o préstamo a escritura pública antes do 13 de marzo do 2021.

## 22. Hai unha prioridade establecida para aboar as débedas?

Si, para aboar as débedas debe seguirse a seguinte prioridade:

- a. En primeiro lugar deberanse satisfacer os pagamentos das débedas a provedores e outros acredores non financeiros, así como os custos fixos, por orde de antigüidade.

- b. Se procede, en segundo lugar reducirase o nominal da débeda bancaria, primando a redución do nominal da débeda con aval público.

### **23. Cal é o límite máximo do importe da axuda?**

Nesta axuda operan varios límites máximos, non podendo superarse ningún deles:

- 200.000 euros.
- 40% do importe da caída do volume de operacións no ano 2020 respecto do ano 2019 que supere o 30%, no caso de persoas empresarias ou profesionais que apliquen o réxime de estimación directa no IRPF, así como as entidades e establecementos permanentes que teñan un máximo de 10 persoas empregadas.
- 20% do importe da caída do volume de operacións no ano 2020 respecto do ano 2019 que supere o 30%, no caso de entidades, empresarios ou profesionais e establecementos permanentes que teñan máis de 10 empregados.
- Importe da débeda subvencionable.

### **24. Unha persoa de alta nunha mutualidade ten que presentar un certificado de alta coa solicitude da subvención?**

Si, tal e como establece o punto d) do apartado 1 do artigo 11, a persoa solicitante deberá presentar un certificado de alta na mutualidade correspondente, de ser o caso.

## 25. Como terei que xustificar a axuda?

Deberá xustificar telematicamente, no prazo máximo de 3 meses dende a recepción da axuda, a aplicación da axuda a satisfacer as débedas mediante a presentación dunha declaración responsable da relación clasificada dos pagamentos, realizados por transferencia bancaria, con identificación de:

- Persoa ou entidade acreedora e do documento.
- Importe.
- Data de emisión.
- Data de pagamento.

Non obstante, a persoa beneficiaria está obrigada a conservar a referida documentación e achegala de ser requirida.

Cando o importe da axuda sexa superior a 30.000 € deberá presentar as facturas e pagamentos correspondentes.

## 26. E no momento da xustificación, cando se presenta o Anexo IV e cando o Anexo V?

Tal e como establece o punto 5 do artigo 24 da Orde do 9 de xuño o Anexo IV é un documento de obrigada presentación que fai a función de conta xustificativa simplificada para os casos nos que o importe da axuda é inferior aos 30.000€.

Nesta liña, o que se ten que acompañar ao Anexo IV é unha relación dos gastos da actividade, facendo mención aos datos identificativos do provedor e da factura (data de emisión e de pagamento).

No entanto, a persoa beneficiaria está obrigada a conservar a referida documentación e achegala se for requirido para iso na fase de verificación da axuda ou en calquera control financeiro posterior.

E segundo establece o punto 6 do mencionado artigo, cando o importe da axuda sexa superior a 30.000€ a persoa beneficiaria deberá xustificar a aplicación da mesma mediante o Anexo V.

Neste caso, acompañará o dito Anexo V a seguinte documentación:

- Facturas emitidas polos provedores e acredores pagadas con cargo á axuda.
- Xustificantes bancarios do pagamento das facturas (débedas non financeiras) ou certificados das entidades bancarias pola cancelación parcial o total dos préstamos ou liñas de crédito (débedas financeiras).
- Contrato ou contratos (ou pedidos ou aceptación das ofertas ou orzamentos en caso contrario) das obrigas posteriores ao 13 de marzo de 2021.

## Exemplos da aplicación das situacións que se poden observar

A continuación se describen algúns exemplos para avaliar a casuística das situacións que se poden dar á hora de solicitar a axuda.

### Exemplo 1.

Persoa autónoma en estimación directa sen empregados por conta allea. Ten como actividade Aluguer de artigos de ocio e deportivos (CNAE 7721) que se inclúe dentro do Anexo I do Real Decreto – lei 5/2021 e presenta os seguintes datos:

- Volume de operacións 2019: 120.000€
- Volume de operacións 2020: 30.000€
- Caída de operacións: 90.000€ (equivalen a un 75%).
- Débeda financeira: 3.500€

Cal é a axuda que lle correspondería?

*Ao estar a actividade incluída no Anexo I do RD-I 5/2021 e ser o descenso de operacións entre 2019 e 2020 superior ao 30%, segundo a convocatoria da axuda corresponderíalle o seguinte importe:*

- *Por caída de operacións (Máis dun 70%): **8.000€***

*Sobre estas cantidades operan os límites establecidos polo Estado, que se calculan do seguinte xeito:*

- *O importe da débeda: neste caso, **3.500€***
- *O 40% de caída das operacións no ano 2020 respecto do 2019 que supere o 30%. Neste caso, **21.600€** segundo os seguintes cálculos.*
  - *Caída de operacións: **90.000€***



- *Caída do 30%: **36.000€***
- *Cantidade que excede do 30%: **54.000€***
- *40% da cantidade que excede do 30%: **21.600€***

*Polo tanto, aínda que inicialmente lle corresponderían 8.000€, ao ter unha débeda de 3.500€ será esta última cifra a que opere como límite e determine o importe a recibir.*

**Cantidade a recibir: 3.500€**

## **Exemplo 2.**

Persoa autónoma en estimación directa cunha actividade incluída dentro do Anexo I do Real Decreto – lei 5/2021 (5221 Actividades anexas ao transporte terrestre) que presenta os seguintes datos:

- 3 persoas contratadas por conta allea.
- Volume de operacións 2019: 350.000€
- Volume de operacións 2020: 233.100€
- Caída de operacións: 116.900€ (equivalen a un 33,4%).
- Débeda pendente: 100.000€

Ten dereito a solicitar a TR600B? Que importe lle correspondería de subvención máxima?

*Ao estar a actividade incluída no Anexo I do RD-I 5/2021 e ser o descenso de operacións entre 2019 e 2020 superior ao 30%, **si pode solicitar a axuda.***

*Segundo a convocatoria da axuda corresponderíalle o seguinte importe:*

- *Por caída de operacións (máis do 30% e ata 60%): **6.000€***
- *Por persoal contratado (menos de 4 persoas): **0€***

*Sobre estas cantidades operan os límites establecidos polo Estado, que se calculan do seguinte xeito:*

- *O importe da débeda: neste caso, **100.000€***
- *O 40% de caída das operacións no ano 2020 respecto do 2019 que supere o 30% (actividade incluída no Anexo I). Neste caso, **4.760€** segundo os seguintes cálculos:*
  - *Caída de operacións: **116.900€***
  - *Caída do 30%: **105.000€***
  - *Cantidad que excede do 30%: **11.900€***
  - *40% da cantidade que excede do 30%: **4.760€***

*Polo tanto, aínda que inicialmente lle corresponderían 6.000€, ao ser o 40% da diferenza que supera do 30% do descenso do volume de operacións unha cantidade menor (4.760€), opera este límite do Estado.*

**Cantidade a recibir: 4.760€**

### **Exemplo 3.**

Unha empresa cunha actividade incluída dentro do Anexo I do Real Decreto – lei 5/2021 (9319 Outras actividades deportivas) que presenta os seguintes datos:

- 10 persoas contratadas por conta allea.
- Volume de operacións 2019: 480.000€.
- Volume de operacións 2020: 105.200€.
- Caída de operacións, 2020 respecto do 2019: 374.800€ (equivalen a un 78,1%).
- Débeda financeira: 150.000€.

A que axuda ten dereito solicitando a TR600B?

Segundo a convocatoria da axuda corresponderíalle o seguinte importe:

- Por caída de operacións (do 70% ou máis): **8.000€**
- Por persoal contratado (de 10 e 20): **2.000€**
- Total axuda: **10.000€**

Sobre estas cantidades operan os límites establecidos polo Estado, que se calculan do seguinte xeito:

- O importe da débeda: neste caso, **150.000€**
- O 40% de caída das operacións no ano 2020 respecto do 2019 que supere o 30%
- - Neste caso, **92.320€** segundo os seguintes cálculos:
  - Caída de operacións: **374.800€**
  - Caída do 30%: **144.000€**
  - Cantidad que excede do 30%: **230.800€**
  - 40% da cantidade que excede do 30%: **92.320€**
- Límite máximo (artigo 3.2 do RD-I): **200.000€**.

Polo tanto, neste caso non chegan a operar os límites e lle correspondería unha axuda de 10.000€.

Cantidade a recibir: **10.000€**.

#### Exemplo 4.

Unha empresa con 24 persoas traballadoras que presenta os seguintes datos:

- 24 persoas contratadas por conta allea.
- Volume de operacións 2019: 1.000.000€
- Volume de operacións 2020: 250.000€

- Caída do volume de operacións, 2020 respecto do 2019: 250.000€ (un 75%).
- Débeda financeira: 280.000€

A que axuda ten dereito solicitando a TR600B?

*Segundo a convocatoria da axuda corresponderíalle o seguinte importe:*

- *Tramo por caída de operacións (do 70% ou máis): 8.000€*
- *Tramo por persoal contratado (24 persoas traballadoras): 3.000€*
- *Total axuda: 11.000€*

*Para determinar o importe da axuda, hai que ter en conta e confirmar se operan os límites establecidos polo Estado, que se calculan do seguinte xeito:*

- *O importe da débeda: neste caso: 280.000€*
- *O 20% de caída das operacións no ano 2020 respecto do 2019 que supere o 30%. Neste caso, 90.000€ segundo os seguintes cálculos:*
  - *Caída volume de operacións: 750.000€*
  - *Caída do 30% no volume de operacións: 300.000€*
  - *Cantidade que excede do 30%: 450.000€*
  - *20% da cantidade que excede do 30%: 90.000€*
- *Límite máximo (artigo 3.2 do RD-I): 200.000€.*

*Polo tanto, neste caso estes límites non chegan a operar e lle correspondería unha axuda de 11.000€.*

**Cantidade a recibir: 11.000€.**

### Exemplo 5.

Unha persoa autónoma cunha actividade incluída entre as actividades do Anexo I do Real Decreto-lei 5/2021 (8230 Organización de convencións e feiras de mostras) en réxime de estimación directa que presenta os seguintes datos:

- Volume de operacións 2019: 25.000€
- Volume de operacións 2020: 8.600€
- Caída de operacións: 16.400€ (equivalen a un 65,6%).
- Débeda cos seus provedores: 5.685€

Pode solicitar a axuda do programa III TR600B? Que importe lle correspondería?

*Acreditando que ten rexistrado un descenso de operacións de máis dun 30% entre o 2019 e 2020, **esta persoa si podería solicitar a axuda TR600B.***

*Segundo a convocatoria da axuda corresponderíalle o seguinte importe:*

- *Por caída de operacións (Entre o 60% ata 70%): **7.000€***
- *Por persoal contratado: **0€***

*Sobre estas cantidades operan os límites establecidos polo Estado, que se calculan do seguinte xeito:*

- *O importe da débeda: neste caso: **5.685€.***
- *O 40% de caída das operacións no ano 2020 respecto do 2019 que supere o 30% (xa que é unha persoa autónoma en estimación directa). Neste caso, **3.560€** segundo os seguintes cálculos:*
  - *Caída de operacións: **16.400€***
  - *Caída do 30%: **7.500€***
  - *Cantidade que excede do 30%: **8.900€***

- 40% da cantidade que excede do 30%: **3.560€**
  
- Límite máximo segundo o artigo 3.2 do RD-I: **200.000€**
- Límite mínimo segundo o artigo 3.2 do RD-I: **4.000€**

*Polo tanto, neste caso lle sería de aplicación o límite mínimo establecido no artigo 3.2, sendo a cantidade a percibir 4.000€, dado que ten unha débeda superior.*

**Cantidade a recibir: 4.000€**



Máis información  
**900 815 600**



**XUNTA  
DE GALICIA**

